

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 24 DE ABRIL DE

2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de abril de dous mil oito, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Francisco Javier Varela Tejedor, don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; e don Manuel Marante Gómez, do PG (GM).

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia como secretaria da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2008 e sesión ordinaria de 27 de marzo de 2008

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria de 28 de febreiro de 2008 e sesión ordinaria de 27 de marzo de 2008.

Toma a palabra a secretaria da corporación para indicar que na primeira páxina da acta correspondente ao día 27 de marzo onde figura que: “Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora”, debe dicir: “Asiste dona Isabel M^a Fuentes Torices, interventora accidental”.

Don Francisco Javier Varela Tejedor, voceiro do PSdeG-PSOE, sinala que nas páxinas 6 e 15 da acta correspondente á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2008, onde figura como asesor executivo da Ministra de Fomento o Sr.Bilches con “b” debe figurar Vilches con “v”.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, solicita que no parágrafo cuarto, da páxina 35, da acta correspondente á sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2008, se corrixa a frase que di: “...saneamento de aría” e que se poña “....saneamento da ría”.

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar os borradores correspondentes á sesión ordinaria de 28 de febreiro, coa modificación proposta polo voceiro de EU-IU, e sesión ordinaria de 27 de marzo de 2008, coas modificacións propostas pola secretaria da corporación e polo voceiro do PSdeG-PSOE.

2º Coñecemento do escrito presentado polos compoñentes do grupo municipal do PP respecto do cambio de voceiro do grupo

A secretaria informa que o día 4 de abril actual, rexistrouse de entrada ao núm. 3736 un escrito asinado por todos os concelleiros que compoñen o grupo municipal do PP no que se fai constar que:

“Solicitamos que, nos termos legais expostos, teña por nomeada voceira do grupo municipal popular de Cambre a dona María Jesús González Roel e suplentes aos membros firmantes deste escrito, na orde anteriormente manifestada, cumprindo co trámite previsto no artigo 7 do Regulamento orgánico municipal”.

Sinala a secretaria da corporación que a orde que se seguirá será a fixada cando se presentaron ás eleccións municipais que tiveron lugar o 27 de maio do ano 2007, polo que o suplente sería don Nicolás José Cubeiro Martínez.

3º Proposta de aprobación das bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de Cambre 2008

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Educación, Xuventude e Deportes de data 3 de abril de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá de data 22 de abril actual.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar as bases da convocatoria pública de bolsas para deportistas de nivel do Concello de Cambre durante 2008, que se achegan como anexo I.

Segundo: Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do concello, así como darlles publicidade mediante avisos nun dos xornais de maior tirada da provincia.

4º Proposta de modificación do acordo do pleno de 30 de agosto de 2007 respecto da constitución, con carácter permanente, da Mesa de Contratación

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 16 de abril de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica de data 22 de abril actual.

A secretaria informa de que no ditame favorable emitido pola comisión se inclúe unha modificación da proposta presentada polo concelleiro delegado respecto de que o titular da Mesa de Contratación designado polo PP será don Santiago Manuel Ríos Rama e como suplente se manterá a don Nicolás José Cubeiro Martínez.

Aberto debate, toma a palabra don Felipe Andreu Barallobre, do PP, para solicitar unha nova modificación que afectaría ao primeiro punto dos acordos a adoptar. Sinala que xa no propio informe dos técnicos municipais dise que a Mesa de Contratación será de constitución potestativa para todos os contratos negociados, independentemente de que teñan que ter publicidade ou non, polo que o seu grupo para ter unha maior transparencia e tamén para ter acceso a todos os contratos que celebra o concello, solicita que se constituía a Mesa de Contratación para todos os procedementos negociados, xa que así o permite a lei e só se

trataría de suprimir dúas palabras do primeiro punto de acordos da proposta, que son as palabras “sen publicidade”.

A secretaria sinala que se se leva a cabo a modificación se estaría ante unha proposta de modificación do ditame que habería que votar.

O Sr. presidente propón que se vote a proposta ditaminada na comisión e estudar na citada comisión a proposta que agora se presenta.

Sometido o ditame a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Constituír con carácter permanente a Mesa de Contratación para asistir ao órgano de contratación na adxudicación dos contratos por procedemento aberto, restrinxido e negociado con publicidade do artigo 161 da Lei 30/2007 do 30 de outubro, de contratos do sector público, en todos os expedientes de contratación que se incoen no Concello de Cambre, isto de conformidade co establecido no artigo 295 da antedita Lei 30/2007.

Segundo: Que se designe como representante do grupo municipal do PP, a don Santiago Manuel Ríos Rama, e, como suplente, a don Nicolás José Cubeiro Martínez.

Terceiro: Que se designe como suplente da secretaria da Mesa de Contratación á técnica de xestión de Admón. Xeral dona M^a de los Ángeles Gutiérrez Sánchez.

Cuarto: Publíquese o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, para coñecemento xeral, de conformidade co disposto no artigo 79.2 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado por R.D. 1098/2001 do 12 de outubro.

5º Proposta de adhesión do Concello de Cambre á Carta de Aalborg e á Carta de Lisboa

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 17 de abril de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 22 de abril actual.

Aberto debate, concédese a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, para dicir que sería unha pena deixar pasar o debate deste punto e ir directamente á votación porque realmente aquí se conteñen unha serie de declaracións de intencións e de principios de actuación que eles consideran son básicos e que deberían rexir a actuación dos gobernos municipais dende hai xa moito tempo. As cartas de Aalborg e Lisboa aprobáronse xa a mediados da década dos 90 e o seu efecto a estas terras chegou bastante tarde.

O seu grupo vai votar a prol desta proposta, non podería ser doutra maneira, pero tamén quere que conste a súa dúbida de que todas estas boas intencións que marcan a modernidade en toda Europa se vaian cumprir neste concello. Teñen que felicitar polo informe que fai o técnico municipal que contén unha compilación de intencións, de bos propósitos e boas prácticas que poderían ser unha guía de traballo para calquera goberno e para calquera institución municipal, sexa do partido que sexa, e está moi ben marcada, pero preocúpalles que quede como unha declaración máis que aproban, sen que despois na práctica se vaian ver os resultados. Xustamente neste pleno vanse tratar algúns temas que se despois de celebrado calquera le a acta, pode chegar a pensar que aprobar por unanimidade esta proposta máis cunha boa decisión é un sarcasmo, porque na práctica non se están a cumprir moitas desas directrices e desas prácticas sobre as que agora vanse manifestar. Polo tanto, eles van votar a prol, pero insistindo para que o goberno municipal cumpra con estes compromisos que hoxe se van adquirir.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, sinala que o voto do seu grupo vai ser a prol, como xa manifestaron na Comisión Informativa. Os grupos políticos, sobre todo os da oposición, pensan que teñen a obriga de velar porque se cumpran estes acordos, como tamén outro tipo de acordos e ordenanzas que non se veñen cumprindo, pero para iso están os grupos da oposición, para fiscalizar o labor do goberno.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), manifesta que o seu grupo tamén vai votar a prol da proposta, e coa mesma intención. Fiscalizarán despois os resultados e as actuacións que se vaian levando á práctica co paso do tempo.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a adhesión do Concello de Cambre á Carta de Aalborg e á Carta de Lisboa.

Segundo: Dar conta da adhesión ao Consorcio As Mariñas como xestor do proxecto de implantación da Axenda Local 21 no territorio do Consorcio As Mariñas.

6º Proposta de celebración do “Día da árbore” o 21 de marzo dos vindeiros anos

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 15 de abril de 2008.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos de data 22 de abril actual.

Aberto debate, concédese a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, quen manifesta que quere incluír aquí dúas cuestións que lle parece de xustiza que recolla a acta deste pleno. No primeiro punto da exposición desta proposta dise “.. o primeiro día de outono no hemisferio sur e primeiro da primavera no hemisferio norte, durante anos se celebrou este día no Concello de Cambre, e a intención deste equipo de goberno e no seu nome, esta Concellería é retomar dita celebración”. A este respecto quere deixar constancia de que esta proposta xurdiu da iniciativa do grupo municipal de EU.

Por outro lado, no parágrafo quinto da proposta onde di que se farán as plantacións no contorno do río Mero, pensa que non deben limitarse ao contorno do río Mero, nin a ningún outro contorno. Que este parágrafo sexa suprimido e que as árbores se planten onde realmente se necesiten e fagan falta.

O Sr. presidente contesta que están de acordo coa apreciación de que as árbores se deben plantar onde realmente faga falta.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou:

Aprobar a celebración do Día da Árbore, no día 21 de marzo e promover unha xestión forestal sostible.

7º Mocións

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

A) Proposta de modificación do proxecto para participar na segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007, da Deputación Provincial da Coruña

Vista a proposta do concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes de data 24 de abril de 2008 que literalmente se transcribe a continuación:

“O pasado 29 de xaneiro de 2008 adoptouse acordo plenario, modificado por outro posterior do día 13 de febreiro de 2008, para participar na Segunda fase do Plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña. No citado pleno de 13 de febreiro acordouse:

“Primeiro: Participar na segunda fase do Plan de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que solicita a realización do investimento que se indica deseguido:

Denominación: Proxecto de obra de campo de herba artificial da Barcala.

Orzamento: 398.335,33 €

Achega municipal: 59.750,30 €

Achega provincial: 338.585,03 €”

Con data do 22 de abril de 2008 rexistrase de entrada ao n.º 4467 o escrito remitido polo Servizo de Planes Especiais da Deputación Provincial, onde se solicita modificación do proxecto nas alíneas de medicións e orzamento, varanda perimetral, rego e drenaxe, e concédese o prazo de dez días a contar dende o seguinte á notificación para a súa remisión.

Visto o novo proxecto modificado presentado pola empresa ICEACSA, contratada para a súa redacción, que ascende a un total de 432.640,54 euros. Estas modificacións non supoñen ningunha alteración das características urbanísticas e de servizos presentados no proxecto inicial.

Considerando que as bases da convocatoria de subvencións contemplan o custo final de 400.000 euros dos que a Deputación achegará un 85% e o concello o 15% restante, puidéndose presentar un orzamento superior, sempre que o importe que supere os 400.000 euros o financie integramente o concello.

Por todo isto, propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o proxecto modificado elaborado por ICEACSA correspondente á obra “Instalación de céspede artificial e equipamentos no campo de fútbol municipal A Barcala. Concello de Cambre”, cun orzamento de execución por contrata de 432.640,54 euros.

Segundo: Participar na Segunda fase do Plan especial de Herba artificial nos campos de fútbol municipais 2007 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, polo que se solicita realizar o investimento que a continuación se indica:

Denominación: Instalación de céspede artificial e equipamentos no campo de fútbol municipal A Barcala. Concello de Cambre

Orzamento: 432.640,54 euros

Achega municipal: 92.640,54 euros

Achega provincial: 340.000,00 euros”

Toma a palabra don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, quen di que acaban de recibir agora o texto da moción. Hai unha modificación técnica que parece inevitable segundo os informes técnicos, e aínda que non houbo tempo para metelo na orde do día si pensa que se tivo tempo para que lles fixeran algún comentario, por exemplo na comisión informativa do día 22. Pensa que aínda que o expediente non estivera completo si se podería ter dado algunha información previa. En todo caso van votar a prol.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, sinala que el si tivo ocasión de falar co responsable quen lle informou da variación que tiña o proxecto en canto o tema do rego e do valado. Tamén van votar a prol da proposta.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que tamén lle gustaría que tiveran falado con el antes, pero que en todo caso vai votar a prol da proposta porque lles parece unha instalación importante.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, expón que o seu grupo tamén vai votar a prol da moción, aínda que non teñen toda a información sobre o tema, pero sempre que sexa unha mellora do proxecto están de acordo.

Toma a palabra don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, para explicar respecto da falta de información, que foi hoxe mesmo cando chegou a rectificación do anterior proxecto, e por iso aínda non sabían cal ía ser o seu importe total. Como o prazo que tiñan era de dez días consideraron que o mellor era aprobalo canto antes.

Sometida a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a proposta, tal e como foi transcrita.

Fóra da orde do día, e logo da declaración de urxencia acordada por unanimidade dos vinte e un concelleiros asistentes á sesión, trátase a seguinte moción:

B) Moción do grupo municipal de EU-IU respecto da formación dunha comisión informativa especial polo proxecto de construción da “Vía Ártabra”

Rexistrada de entrada ao n.º 4383 o día 18 de abril de 2008. Consta do seguinte teor literal:

“Recentemente saiu publicada unha resolución da Dirección Xeral de Obras Públicas, pola que se somete a información pública o proxecto de trazado e estudo de impacto ambiental da obra da Vía Ártabra, entre o polígono de Espírito Santo, a autoestrada AP-9, e autovía A-6.

É previsible que este feito supoña múltiples trastornos e problemas, que unha obra desta envergadura vai ocasionar nas zonas polas que atravesa, especialmente cando, como sucede no caso de Cambre, se trata de territorios xa cunha certa densidade de poboación.

Para o grupo municipal de EU-IU non parece razoable permitir que os nosos veciños/as afectados pola obra, tanto os que vexan expropiadas algunhas das súas propiedades como aqueles outros que se vexan dalgún outro xeito prexudicados por esa actuación, teñan que afrontar individualmente os problemas que se lle veñen encima, que van afectar a moitos deles de xeito moi importante.

Pola contra, un concello verdadeiramente solidario cos seus veciños/as debe, necesariamente implicarse cos seus problemas e necesidades colectivas, ou amplamente sentidas como é o presente caso, sen que iso supoña opoñerse ou obstaculizar a construción que se vai realizar. O papel do concello, entende o noso grupo, debe ser o de contribuír a que se dea un verdadeiro equilibrio entre os intereses, por un lado, da construción dunha obra pública que pretende beneficiar á cidadanía e á economía da zona en xeral, e por outro, a que os intereses concretos dos veciños/as de Cambre afectados sexan defendidos e respectados ao máximo.

Por iso, este grupo municipal propón ao pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Que o pleno municipal acorde constituír unha comisión informativa especial que terá funcionamento mentres se dean problemas relacionados coa construción da Vía Ártabra ao seu paso polo noso concello.

Segundo: A devandita comisión terá en conta os traballos realizados pola “Asociación de veciños afectados polas infraestruturas no municipio de Cambre”, e colaborará conxuntamente coas entidades sociais na realización dos traballos e outras actuacións relacionadas coa finalidade que se pretende.

Terceiro: A comisión iniciará de inmediato as xestións necesarias para requirir dos técnicos, e organismos competentes a máxima información sobre o proxecto de trazado, coa finalidade de incluír as propostas de modificación que se consideren necesarias para a súa mellora.”

Aberto debate, o Sr. alcalde manifesta que non hai ningún inconveniente, pero pensa que en prol da eficacia, este tema podería ser tratado pola comisión especial que xa existe para o PX, porque o trazado que no seu día aprobou o concello e que se vai seguir apoiando,

elixiuse porque calquera variante que haxa vai influir no PX, por iso cre que a Comisión Especial do PX é a que máis enterada e máis relacionada está co tema, e que conta cos técnicos municipais e co redactor do Plan Xeral. Di isto por unha maior efectividade, pero adaptárase ao que os demais compañeiros digan.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que eles tamén queren que haxa a maior efectividade posible, e pensa que a comisión especial que se creou para o Plan Xeral de Ordenación Municipal debería ter o engadido de “e da Vía Ártabra”, porque todos eles saben que esa vía non vai estar construída en dous días, posiblemente se vai ter que traballar en que afecte o menos posible aos veciños e veciñas de Cambre. Por iso pensa que se debería facer referencia á Comisión Especial para o Plan Xeral e a Vía Ártabra nos termos que recolle a moción.

O Sr. alcalde expón que non hai que olvidar que hai tempo se aprobou polo pleno o estudo que se planteou, van defendelo, e hai tamén unha comisión de afectados que pensa que tamén hai que integrar, e por iso pensa que para ser máis operativa e que os veciños poidan ter máis información, que se engada á Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral, a xestión da Vía Ártabra.

Don Luis Miguel Taibo Casás sinala que o segundo punto da moción xa recolle que se teñan en conta os traballos realizados pola asociación de veciños afectados pola Vía Ártabra, como tamén outras entidades e persoas que poidan achegar algo sobre o tema. Engade que o que quere e que aos veciños e veciñas de Cambre lles quede claro que existe unha comisión especial que vai levar o tema da Vía Ártabra.

O Sr. alcalde propón que entón, a partir deste momento, e se se acada este acordo, a Comisión Especial do Plan Xeral pase a denominarse Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal e da Vía Ártabra.

Dona M^a Jesús González Roel, voceira do PP, manifesta que o seu grupo está de acordo coa moción, e que agarda que sexa máis efectiva que as reunións que se están levando a cabo respecto do Plan xeral. Tamén pensa que pola mesma razón que se inclúe o tema da Vía Ártabra tamén se debería incluír o tema do AVE na mesma comisión, aínda que xa sabe que para o tema do AVE existe una comisión especial.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, expón que tamén o seu grupo vai votar a prol da moción. Sinala que xa houbo unha reunión dos distintos grupos municipais

cos técnicos para analizar este tema e pensa que consensaron unha serie de acordos entre todos, que van na dirección de defender o trazado que o Concello de Cambre propuxera por unanimidade, cre que no 2006, e que precisamente coincidía coas propostas que se tiñan elaborado na comisión que se creara na zona de Pravio e Cecebre. En todo caso, están de acordo en incluíla dentro da Comisión Especial do Plan xeral, sobre todo porque xa está constituída e hai pouco tempo para as alegacións.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, explica que o que pretende con esa comisión non é só tratar do tema do trazado, senón que o que se pretende é ir un pouco máis alá. Cre que cando se fai unha infraestrutura desta envergadura xurden ao seu remate unha serie de problemas para os veciños, de acceso ás súas fincas, de corte de camiños, de eliminación de manantiais, etc., que fai que se teña que acudir ao concello en busca de solucións, e os que xa teñen a experiencia do que foi a autovía A6 buscan chegar con esta comisión a todos eses problemas, chegar máis alá do que é unicamente o trazado.

Don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), tamén está de acordo coa proposta e engade que para facilitarlle aos veciños que poidan vir ao concello a ver o plan da Vía Ártabra debería poñerse un día á semana pola tarde no que estean os técnicos para informar aos veciños, xa que hai moitos que non poden acudir pola mañá ao concello. E solicita que se lle dea publicidade nos medios de comunicación.

O Sr. alcalde di que se acepta a suxestión do Sr. Marante de que haxa un técnico polas tardes, pero que non se inclúe como parte da moción.

Sometida a moción a votación ordinaria, coa modificación do punto primeiro en canto a incluír na comisión informativa especial xa creada para o Plan Xeral o tema da Vía Ártabra, votan a prol os sete concelleiros do PSdeG-PSOE, os sete concelleiros do PP, os catro concelleiros do BNG, os dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

A corporación, por unanimidade dos vinte e un concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a moción presentada coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: A Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal denominarase Comisión Informativa Especial para o Plan Xeral de Ordenación Municipal e da Vía Ártabra, comisión que terá funcionamento ata a conclusión da elaboración do Plan Xeral e mentres se dean problemas relacionados coa construción da Vía Ártabra ao seu paso polo noso concello.

Segundo: A devandita comisión terá en conta os traballos realizados pola “Asociación de veciños afectados polas infraestruturas no municipio de Cambre”, e colaborará conxuntamente coas entidades sociais na realización dos traballos e outras actuacións relacionadas coa finalidade que se pretende.

Terceiro: A comisión iniciará de inmediato as xestións necesarias para requirir dos técnicos, e organismos competentes a máxima información sobre o proxecto de trazado, coa finalidade de incluír as propostas de modificación que se consideren necesarias para a súa mellora.

8º Informes da Alcaldía

De orde do Sr. alcalde dáse conta pola secretaria da corporación da Resolución ditada pola concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Sanidade o día 11 de abril de 2008, co núm. 583, que consta da parte dispositiva que se transcribe a continuación:

“Primeiro: Aprobar o proxecto de mantemento de servizos sociais de atención primaria elaborado pola coordinadora de servizos sociais cun presuposto total de 227.862,45 euros segundo se desglosa a continuación:

CONCEPTO	Nº PROFESIONAIS	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
COORDINADORA SS	1	51.306,07 EUROS	10.000,00 EUROS
TRABALLADORA SOCIAL	3	122.689,80 EUROS	98.151,84 EUROS
EDUCADOR SOCIAL	2	77.264,56 EUROS	61.811,66 EUROS
AUXILIAR ADMTVO	2	43.856,94 EUROS	35.085,56 EUROS
MONITORA 3ª IDADE	1	24.141,73 EUROS	19.313,39 EUROS
MANTEMENTO DE SS DE A. PRIMARIA	---	5.000,00 EUROS	3.500,00 EUROS
TOTAL	7	324.259,10 EUROS	227.862,45 EUROS

Segundo: Aprobar a realización dos programas básicos de actuación de carácter comunitario, tanto de carácter polivalente (aberto á comunidade) como de carácter sectorial centrado en xente con problemáticas diferenciadas e elaborados polos técnicos do departamento de servizos sociais cun presuposto total de 390.000,00 euros, sendo os programas os que a continuación relaciónanse:

CONCEPTO	ORZAMENTO TOTAL	SUBVENCIÓN SOLICITADA
AXUDA NO FOGAR	150.000,00 EUROS	117.617,00 EUROS
ACTIVIDADES SS	70.000,00 EUROS	56.000,00 EUROS
EMERXENCIA SOCIAL	40.000,00 EUROS	30.000,00 EUROS
XANTAR SOBRE RODAS	50.000,00 EUROS	40.000,00 EUROS
TRANSPORTE ADAPTADO	65.000,00 EUROS	52.000,00 EUROS
ACTIVIDADES 3ª IDADE	15.000,00 EUROS	9.000,00 EUROS
TOTAL	390.000,00 EUROS	304.617,00 EUROS

Terceiro: Facer constar que se continúa na prestación dos servizos sociais de atención primaria municipais nas mesmas condicións que o ano anterior

Cuarto: Dese conta ao Pleno da Corporación Local na próxima sesión que teña lugar, da presente resolución, isto de conformidade co establecido no artigo 10 punto 1.1 das bases que rexen a convocatoria, in fine.”

9º Rogos e preguntas

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 4404 o día 19 de abril de 2008.

1º O camiño que vai dos Campóns cara a Xan Faba (esquina antiga librería Catana) só está asfaltado ata onde están as casas, o camiño continúa cara a Xan Faba, pero está totalmente intransitable tanto para persoas como para coches. Rogamos ao equipo de goberno que leve a cabo o seu asfaltado ou polo menos se cubran debidamente as fochancas para poder utilizalo.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se cubrirán as fochancas porque non hai orzamento para o asfaltado.

2º O día 8 de abril deste ano un xornal publicou que o Concello de Cambre despedira a 12 dos 15 membros de Protección Civil de Cambre. Segundo se explicaba na noticia, o motivo do despedimento foi a perda dunha subvención que se estaba a recibir da Xunta de Galicia. A Ley de emerxencias de Galicia recolle o dereito de todos os cidadáns a que os poderes públicos realicen unha actuación preventiva, a que teñan unha resposta eficaz sobre os riscos

e a que exerzan unha axeitada protección da súa integridade e dos seus bens e, ademais, sanciona como infracción moi grave a quen, tendo a responsabilidade de dotar ao municipio dos recursos necesarios, non o faga.

Nos últimos meses producíronse varias situacións de risco en Cambre, como o incendio dunha nave no polígono de Espírito Santo ou o propio escape de gas no Paseo Marítimo, nas que a actuación dos membros de Protección Civil do noso concello tería sido impecable de non ser pola descoordinación na que se atopaban ao carecer este concello dun Plan de emerxencias municipal e pola falta de resposta de gran parte do equipo de goberno neses momentos de crise.

Ante esta grave situación na que se atopan os servizos de Protección Civil de Cambre, os membros do grupo municipal do Partido Popular de Cambre rogamos se nos informe de:

- Os motivos polos que se despediu a case que todo o cadro de persoal de Protección Civil de Cambre.
- Cal é o motivo polo que se perdeu a subvención da Xunta de Galicia.
- Se ten o Sr. alcalde previsto tomar as medidas disciplinarias correspondentes ante a grave situación de risco na que o equipo de goberno deixou aos veciños de Cambre.
- Cales son as medidas inmediatas que se teñen previsto para solucionar esta situación e repoñer a todos os efectivos do servizo de Protección Civil de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que non se perdeu ningunha subvención. Nos anos 2006-2007, en xullo, déusenos unha subvención para nove meses onde se recollían 12 persoas. Terminou o prazo en marzo, a nova solicitude está feita e agora como todos os anos hai que agardar ata que se cubra a nova, que se espera sexa no mes de xuño. Non houbo ningunha expulsión, sinxelamente venceu o contrato que a Consellería de Traballo tiña outorgado, igual que todos os anos.

Volve reiterar que non se perdeu ningunha subvención, está solicitada. Agarda que volva ser igual que o ano pasado, ou que se mellore. Dentro das medidas para poder ter un cadro de persoal algo máis coherente, máis eficaz, preténdese meter catro prazas de operarios relacionados con este corpo.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez pregunta cales son as medidas inmediatas que se teñen previsto para solucionar esta situación.

O Sr. alcalde contesta que neste momento dispónse do equipo que hai de voluntarios. Agarda que a Consellería de Traballo, como outros anos, conceda persoal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez di que o PP presentou para o pleno de xaneiro unha moción precisamente polo Plan de Emerxencias, porque non existe, aínda que o asunto foi posposto porque foi un pleno moi longo pola comparecencia do Sr. Tejedor. Saben que calquera municipio con máis de 20.000 habitantes ten que ter un plan de emerxencias, e Cambre dende o ano 2002 supera esa poboación, e a día de hoxe non hai un plan de emerxencias. A moción foi aprobada, e o Sr. alcalde, tal e como consta en acta, contesta que o citado plan está en elaboración, que foi adxudicado en marzo de 2007. Continúa dicíndose na acta que: *“De momento o Plan de coordinación que temos aquí é a coordinación que existe entre a Policía Local, Protección Civil e Garda Civil. Agora ben, do plan, que el agarda que estea elaborado para o verán, nacen unha serie de requisitos e situacións que inclúen dende aos técnicos municipais, aos profesionais do centro de saúde, etc. Como exemplo concreto para o estudo están en contacto con Emalcsa, para elaborar un plan para as situacións que poidan xurdir. Pediralles a David Pisani, coordinador de Protección Civil, que lles faga chegar un informe de como está todo.”*

Pregunta don Nicolás José Cubeiro Martínez se o Sr. alcalde xa ten o informe do Sr. Pisani, xa que isto foi o 28 de febreiro, e tamén pregunta se o Sr. alcalde xa sabía nese momento que ían quedar sen 12 dos 15 membros de Protección Civil, e se nese momento podería ter dito algo, ou en que termos está redactado o informe do Sr. Pisani.

Contesta o Sr. alcalde que isto está como todos os anos. É un plan a través da Consellería de Traballo. Por outra banda está encargado o Plan de emerxencia municipal e agardan que se lle entregue de inmediato, e agardan tamén que non haxa desgrazas, pero o que si está claro é que non se fixo nada que non se teña estado facendo durante estes últimos anos. A maiores volve dicir que este ano vanse crear catro prazas municipais que poidan pasar a formar parte dese equipo como funcionarios. A súa contratación está prevista coa aprobación do orzamento.

O Sr. Cubeiro Martínez sinala entón que, en principio, depéndese da aprobación dos orzamentos para ter catro traballadores máis, sete en lugar de quince, e só se hai subvención se terán máis.

O Sr. alcalde contesta que así é.

3º As obras da Escola de Música seguen paradas cando no pleno do mes pasado o primeiro tenente de alcalde dixo que se reiniciarían ao día seguinte. Rogamos que se nos informe do motivo polo que non se reiniciaron as obras aínda.

Contesta dona Erundina Prado Arcay que efectivamente esa era a promesa da empresa que está executando a obra, e neste momento non saben concretamente os motivos do atraso. Foi atrasándose semana a semana, a última data era a finais da semana anterior e non empezou. Nestos próximos días van ter unha reunión coa empresa para ver cal é o motivo. Eles siguen prometendo que en agosto a obra estará feita, e xa se verá se o cumpren.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 4383 o día 18 de abril de 2008.

1º Constituída a Plataforma en defensa da ría do Burgo, unha das iniciativas acordadas foi a recollida de firmas para o seu acondicionamento e saneamento, que afectan ás súas praias e aos seus bancos marisqueiros, e tamén ao medio ambiente en xeral.

Colaborou ou está colaborando o noso concello nesta iniciativa, tendo en conta un rogo presentado polo noso grupo no pleno municipal do mes de febreiro?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o concello está en continuo contacto coa Confraría de mariscadores e asociación de veciños, informándolles en todo momento das accións do concello en relación cos vertidos na ría, e que a plataforma conta co apoio total do concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que pensa que a pregunta é bastante precisa e concreta, eles están a falar dunha serie de actividades que ten esta plataforma como é a recollida de sinaturas. El pregunta se o Concello de Cambre colaborou nesta recollida, como se ten colaborado en moitas cousas deste tipo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a plataforma non se puxo en contacto co concello.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que lle estraña moito. A día de hoxe, a súa organización Esquerda Unida de Cambre, teñen recollidas 787 firmas, e esas firmas están por aí en moitos sitios, e é raro que este goberno municipal non teña coñecemento diso.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín reitera que a plataforma en ningún momento se puxo en contacto co concello e polo tanto non se están a recoller sinaturas.

Don Luis Miguel Taibo expón que xa dixo o outro día que ás veces haise que anticipar as cuestións e ao mellor sería o concello o que tivese que poñerse en contacto con eles para colaborar.

2º O noso concello conta con dous centros de saúde para dar servizo médico de familia e enfermería, un en Cambre e outro na parroquia do Temple. Estes centros médicos presentaron e presentan un servizo sanitario eficaz, pero non obstante na actualidade, estas instalacións carecen dalgunhas especialidades necesarias, que precisan darlle unha solución por parte das administracións responsables.

O noso grupo prega que por parte do concello se realice un análise e diagnóstico sobre a situación das infraestruturas e dos servizos sanitarios nos mencionados centros.

Solicite da Consellería de Sanidade o aumento de especialidades e de persoal nos centros de saúde en función das necesidades urxentes detectadas.

Dona Carmen Tato Lago contesta que lle pasou ao Sr. Taibo uns informes por escrito nos cales se explica que a Concellería de Asuntos Sociais e Sanidade se puxo en contacto coa delegada provincial de Sanidade dona Ausencia Tomé Martínez, solicitándolle un aumento de persoal para atención dos cidadáns. A delegada contestou que carecía de recursos.

Segue dicindo que, a continuación, pediron outra cita coa xerente do Sergas, dona M^a Jesús Cerecedo Pérez, a quen tamén lle solicitaron un incremento de servizos, concretamente pediron traer para Cambre a unidade de saúde buco-dental, e unha de fixioterapia, e así á vez tamén incrementar o número de asistencia do psiquiatra e o psicólogo xa que están a prestar servizos aos cidadáns tres días á semana, e entenden que dado o número de habitantes que están a recibir cobertura asistencial no Concello de Cambre son 23130 habitantes e consideran que o servizo é un pouco precario. Á parte da falta de recursos humanos que están a ter na unidade de psiquiatría e psicoloxía, pois faltan psiquiatras e psicólogos. Respecto das especialidades de saúde bucodental e fisioterapia contestaron que hai que

habilitar espazos para poder empezar a desenvolver este tipo de especialidades. Nestes momentos o Concello de Cambre carece deses espazos e están tendo xuntanzas e pensando como facer un centro de saúde en condicións, dado que se se dispuxese do terreo cre que por parte da Consellería estarían dispostos a colaborar.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, confirma que efectivamente se lles facilitou un informe, pero que o seu grupo ten que lamentar, unha vez máis, que motivado nunha falta de planificación derivada dos escasos medios e infraestruturas, e sobre todo da escasa planificación, non se conta en Cambre cun servizo de atención á saúde axeitado. Todos saben o que está medrando este concello ano a ano, e pensa que en todas estas cousas existen unhas preferencias, e a saúde é unha delas. Cre que Cambre ten un centro de saúde que está mal utilizado, e refírese ás dúas salas da parte de arriba onde están a biblioteca e a sala de exposicións, e que habería que pensar se non sería axeitado cambiar esas infraestruturas de sitio, pero o que pasa é que ano tras ano estase vendo que non se constrúe a Casa da Cultura, que é onde deberían estar instaladas esas infraestruturas, para poder destinar todo o espazo ao centro de saúde. Considera que aínda que a Cultura é unha cousa moi importante, a saúde está por enriba e habería que preguntarse se polo menos a sala de exposicións se debería trasladar a outros espazos libres, por exemplo á urbanización da Barcala.

Dona Carmen Tato Lago lembra que unha das propostas que lle levaron á xerente do Sergas foi a de trasladar provisionalmente a sala de exposicións e a biblioteca, pero que aínda así o Sergas considera que é un espazo insuficiente incluso para poñer unha soa das especialidades. Pensa que o Sr. Taibo pode ter razón, pero que se o traslado non vai servir para instalar nin unha das dúas especialidades (saúde bucodental o fisioterapia), entón pouco máis se pode facer nese aspecto.

Don Luis Miguel Taibo Casás pregunta se existe algún informe sobre o feito de que a sala de exposicións non é axeitado para o que se pretende.

Dona Carmen Tato Lago contesta que o que dixo é que non hai suficiente espazo, porque fisioterapia necesitaría colocar aparatos, e saúde bucodental máis dunha consulta, con raios X e demais, e a xerente do Sergas dixo que ese espazo non sería de utilidade para eles. En todo caso a xerente comprometeuse a vir a Cambre para ver in situ o espazo do que se podía dispoñer e estudalo conxuntamente.

O Sr. Taibo manifesta que non lle cabe dúbida de que no futuro ese espazo ten que acabar sendo utilizado polo centro de saúde e él pensa que si sería suficiente para alguna das especialidades das que fala a señora concelleira.

Dona Carmen Tato Lago dille que pode que así sexa, pero que é o Sergas o que ten que dicir se lles serve o espazo ou non. En todo caso están pendentes de que a xerente veña velo en persoa.

3º No lugar do Drozo, está en funcionamento unha gardería infantil, moi concorrida por escolares e persoas que diariamente se desprazan ao centro, resultando ser unha zona extremadamente perigosa, con proximidade de dúas curvas, unha pronunciada pendente, e o intenso tráfico rodado, carecendo de sinais de precaución que indiquen a proximidade do centro infantil.

Pregamos ao goberno municipal realice un estudo da situación de perigo que supón a dita zona, e se leve a cabo por parte de quen corresponda a sinalización do lugar advertindo aos condutores da proximidade do centro, así como dos elementos tecnicamente necesarios para evitar riscos de accidentes.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que nesa zona xa existen bandas rugosas, e sinais verticais de peóns na calzada, pero que se engadirá a sinalización de zona escolar.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que outra cuestión que multiplica o perigo é a zona de aparcamento, xa que os coches están no borde da estrada. Nesa zona hai unhas curvas e unha pendente, de xeito que cando se dá marcha atrás se colapsa a zona, e pensa que se non se arranxa iso, un día van ter un disgusto.

Rogos do GM (PG) presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao n.º 4458 o día 21 de abril de 2008.

Antes de dar lectura os rogos do seu grupo, don Manuel Marante Gómez solicítalle á Sra. Concelleira de Medio Ambiente, Obras e Servizos que lle conteste ás cuestións que lle ten pendentes dende hai uns meses.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín dille que mañá mesmo recibirá contestación.

1º Na estrada de Altamira a Castelao atopamos un tramo sen asfaltar que está moi deteriorado. Rogo se tomen as medidas necesarias para o seu arranxo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que ese camiño xa está valorado, e que se atopa no paquete de camiños pendente de aprobar os ornamentos.

2º Na estrada da Rocha á Telva moitos condutores circulan a velocidade excesiva co conseguinte perigo para o resto dos usuarios. Rogo se tomen medidas ao respecto.

Contesta o Sr. alcalde que esta estrada pertence ao Ministerio de Obras Públicas, e está sinalizada, xa se ten dito máis dunha vez, pero as medidas de seguridade as teñen eles. En todo caso di que a única solución que ten a N-550 é que comecen as obras canto antes, que se fagan beirarrúas.

Don Manuel Marante Gómez precisa que el non fala da estrada 550, senón que fala da dos Campóns, a que ven da Rocha á Telva polos Campóns.

O Sr. alcalde contesta que ese é o proxecto que ten a Xunta, que quere facer unha rotonda á altura do Mesón Vasco.

Don Manuel Marante di que el fala da velocidade coa que circulan por aí numerosos condutores. Supón que hai sistemas e métodos, e haberá que facer xestións con quen corresponda, por parte do equipo de goberno, para tratar de solucionar, na medida do posible, estes temas.

3º Na estrada de Cambre ao Mesón Vasco pintouse un paso de peñós á altura do cruzamento de Amil. Motivado pola excesiva velocidade a que se circula neste tramo urbano, o paso de peóns non é respectado por moitos condutores, creándose situacións de grave risco para os peóns. Rogo se tomen medidas ao respecto.

O Sr. alcalde di que están de acordo, pero que o único que poden facer é poñer un control de policía e sancionar aos que non respecten os límites.

Don Manuel Marante Gómez contesta que el non está a falar dun control de policía, senón que pensa que se poden usar outros sistemas, como poñer unhas bandas rugosas como as que hai noutros sitios. Engade que a raíz de ir comprobar esta cuestión, lembra unha pregunta que xa fixo noutro pleno, na que facía referencia a cando se poñían os carteis nas obras que

se están a facer no concello. Refírese a isto porque na zona da que están a falar hai unha obra que xa vai pola terceira planta e aínda non ten cartel ningún.

O Sr. alcalde contesta que se comprobará.

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 4403 o día 19 de abril de 2008.

1ª En medio do campo onde se celebra a feira de Anceis hai dous postes de cor negra colocadas no chan que pola noite non se distinguen. A mesma situación ocorre na rúa Celso Emilio Ferreiro no Graxal, na que hai tempo se colocaron dous bolardos en medio da rúa. Varios veciños de Anceis e do Graxal manifestáronnos as súas protestas porque os seus coches sufriron desperfectos.

Por este motivo o grupo municipal do Partido Popular de Cambre pregunta ao equipo de goberno se ten constancia da existencia destes sucesos, cal é o motivo de que os bolardos estean situados en medio da zona transitábel das vías e se ten previsto retiralos ou sinalizalos de xeito que non supoñan un risco para os vehículos dos veciños.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que teñen previsto sinalizalos con bandas reflectantes.

Dona Mª Jesús González Roel pregunta se se puxeron por algún motivo, sobre todo os de Anceis, que son enormes.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que polo tema da iluminación das festas populares.

2ª O túnel que comunica Enxertos con Aián na parroquia de Sigrás ten na súa entrada un desnivel, onde tocan os fondos dos coches que por alí circulan. Este desnivel tiña unha reixa para o paso das augas da choiva. A última vez que o arraxaron reenchérono con aglomerado, tapando a citada reixa e empeorando a situación, porque cando chove o túnel parece un río, o desnivel é cada día maior e os veciños da zona teñen que dar un gran rodeo para ir de Aián a Enxertos.

Coñece o equipo de goberno esta situación? Está prevista algunha solución a este problema?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a brigada de obras se encargará de arranxar a reixa para deixala tal e como se puxo no seu día.

Dona M^a Jesús González Roel pide que se procure poñer ao mesmo nivel porque o desnivel co camiño é moi grande.

3^a Ás horas de saída e entrada do colexio de Sigrás fórmase un verdadeiro caso; os coches aparcan a ambos lados da estrada do Souto, os nenos cruzan a estrada sen ningún control e os autobuses teñen que manobrar en medio de todo isto.

Ten previsto o equipo de goberno tomar algunha medida de seguridade ao respecto?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que a entrada do colexio de Sigrás conta cunha beirarrúa e ten zonas de prohibido o aparcamento. Puxéronse en contacto coa dirección do centro e, en todo momento, os coidadores dos autobuses e a dirección do centro está pendente da entrada e saída dos nenos.

Dona M^a Jesús González Roel explica que non se está referindo tanto á entrada do centro como a unha zona que hai na parte baixa da estrada que é un auténtico perigo, porque aínda que estea prohibido aparcarse, a xente aparca e ninguén controla. É unha zona moi perigosa, especialmente para os nenos.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que de vez en cando vai a policía pola zona, pero que é imposible que á mesma hora estea en todos os centros escolares.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 4428 o día 21 de abril de 2008.

1^a Visto que a obra da Escola Municipal de Música continua paralizada, a pesar do afirmado polo 1º tenente de alcalde no pleno de marzo – que xa dera orde de que se reanudaran-, o Grupo Municipal do BNG interésase en saber por que lle quitaron a competencia no seguimento da execución da obra á asesora de proxectos do Goberno Municipal. Tamén, como se pensan compensar os 270.000€ do Plan Proder e os 17.000 da Deputación provincial, necesarios para financiar a obra e que Cambre perderá por non cumprir os prazos de execución?

Dona Erundina Prado Arcay manifesta que en parte esta pregunta xa está contestada. Os 17000 euros da Deputación están justificados e agardan, segundo promesa da empresa, que a obra remate en agosto e non perder a subvención.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que facía máis preguntas, e que agardaba que se lle tivera contestado algo máis que cando se falou antes do tema co Partido Popular. Parece que sempre se está atado por axentes externos, agora a gran sorpresa é que é a empresa a que non fai caso. El non cre que isto sexa así, pensa que isto xa é algo que ven dende o principio, aínda que realmente non sabe cales son as razóns e os motivos de que un proxecto bo para o concello, que este equipo de goberno herda xa contratado, tarda un montón de meses en comenzalo, como permite unha paralización dende decembro, sabendo ademais que unha parte importante da financiación corre perigo de perderse. A subvención da Deputación é pequena comparada co conxunto total, pero a do Proder é case a metade do orzamento, 270000 euros, e el non sabe como se vai facer para pagala, porque se o Concello de Cambre non ten finalizada, certificada e pagada a obra a 31 de agosto, vaíse perder. E non é só o concello o que perde o diñeiro, tamén vaino perder o Proder, a Consellería de Medio Rural e Galicia, porque son fondos europeos que se terán que devolver.

Dicir que a empresa se compromete a rematar en agosto parécelle un intento de enganar á xente, porque están a falar dun proxecto para o cal os arquitectos que o deseñan marcan un período de oito meses. Pregúntase como se vai rematar en catro meses, e se vai pasar como con outras obras públicas que se fan a todo correr para chegar a tempo da foto, ou de cumprir cun prazo, e despois comezan a aparecer as fendas, os problemas e a calidade da execución acábase pagando co transcurso do tempo. Pensa que o problema é que perderon máis tempo en buscar nomes como concelleiro de Planificación ou concelleiro de Presidencia, en vez de dedicarse ao traballo que tiñan entre mans. Hai xa un mes que o concelleiro do que está a falar dixo que dera orde de que ao día seguinte comezaran as obras, e aínda non se fixo nada, e por enriba bótase a culpa á empresa. Pensa que é unha absoluta irresponsabilidade.

2ª Cal é o control que está a facer o goberno municipal das talas de masas forestais no concello? Existe algún expediente aberto nestes momentos? Que licencias están vixentes a día de hoxe?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que o control se realiza a través dos servizos de inspección municipais ordinarios sen prexuízo do realizado polos axentes forestais de Medio Rural dentro do ámbito das súas competencias. Actualmente está aberto un expediente por

unha tala en Piñeiro, Cecebre, téndose ditado orde de suspensión dos citados actos. A tala estíbese realizando con autorización da Consellería de Medio Rural, e a día de hoxe está pendente de resolución e de solicitude de licenza municipal por parte do interesado. Actualmente non se atopa en vigor ningunha outra licenza municipal.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo expón que o expediente de Cecebre iniciouse a instancia de terceiros, e pregunta se hai algún iniciado a instancia dos servizos de inspección municipais, porque hai algúns outros casos moi significativos preto de zonas importantes, sen que conste neste concello ningún expediente de autorización, nin tampouco ningún expediente de disciplina.

Continúa dicindo que a temas como este se refería cando se falou da aprobación da Carta de Aalborg e da Carta de Lisboa. Pensa que o que se debe facer é que dende o goberno municipal se dea orde á Policía e aos servizos de inspección municipais para que cando se vexa que se está acabando con masas forestais significativas que actúen, e que polo menos pregunten se hai licenza, porque parece que se non hai alguén que dende fóra se interese por estas cousas e denuncie, dende o goberno non se fai nada. Lébralle á concelleira de Medio Ambiente que é ela a que ten que ter as iniciativas neste sentido e é a que ten que dar as instrucións aos corpos, seccións e departamentos que teñan que ver co tema, e a realidade é que non fixo nada. Sinala que así está Xan Faba que, situado ao carón do treito da ruta medioambiental de BTT (bicis todo terreo) que se inaugurou o ano pasado, desapareceu completamente unha carballeira nunha finca dunhas 15 hectáreas. E o mesmo pasa coa de Piñeiro da que falou a concelleira, que piden licenza para curtar piñeiros e eucaliptos, pero que cando a Policía chega alí se atopa que o que están a curtar son carballos e castaños. Dentro de dez anos non vai quedar nada que defender, e esa é unha obriga que temos co futuro e cos nosos fillos.

3ª Que medidas vai adoptar o goberno municipal diante do desmantelamento da unidade de emerxencias de Protección Civil de Cambre.

O Sr. alcalde contesta que, como xa dixo antes, non hai desmantelamento, hai un contrato que finalizou e que se espera renovar agora no mes de xuño, ao que agarda engadir as novas prazas ás que xa se referiu. Nestes momentos estase cos mínimos que teñen, como se estivo todos os anos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que quere formular dúas cuestións ao respecto. Unha é que se cadra habería que reflexionar sobre o modelo de

protección que se escolleu, por varias razóns, pero unha delas é porque non se pode sustentar un servizo de emerxencias en subvencións periódicas dos plans de cooperación que ten a Consellería de Traballo para ocupar postos durante nove meses ou un ano como máximo. Dende logo espera que o goberno galego subvencione eses postos, pero non se vai tratar das mesmas persoas e haberá que facer un novo proceso de apredizaxe.

O Sr. alcalde indícalle ao Sr. Iglesias que a pregunta é a que hai, e que é algo que se fai todos os anos, e que este ano por enriba vanse crear catro prazas propias.

Don Henrique Xabier Iglesias contesta que é certo, pero que quere facer una reflexión sobre o modelo porque o concello ten a obriga de prestar un servizo de emerxencias, porque así o marca a lei, pero o que non está obrigado é a telo de maneira exclusiva. Sinala que o que hai que facer son os esforzos políticos suficientes para que os proxectos de brigadas de emerxencias, de parque de bombeiros comarcal, realmente funcionen e vaian ben. Pensa que se perderon moitos anos, e que en casos coma este, cunha mínima dotación do concello, o que terían é que estar acollidos a proxectos e programas de seguridade moito máis amplos, que eles é imposible que paguen. Ademais, incrementando dúas ou tres prazas por ano, aínda habería que agardar ao ano 2020 para ter un bo grupo de emerxencias. Pensa que é un modelo equivocado, e que de modo sistemático se ven vendendo a gran operatividade e o gran éxito da brigada que ten o concello. Recoñece que é certo que están actuando ben, pero que o problema xurde cando chegan á situación na que se está agora.

4ª Coñece o goberno municipal a situación en canto a cobertura de TDT e de banda ampla no territorio municipal? Ten realizado algunha xestión para melloralala?

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que segundo informa o Ministerio de Industria, a data de hoxe, a TDT ten cobertura practicamente total en todas as televisións, canais de radio, agás Clan TV, VEO TV, CNN Plus, 40 Latino e Telecinco Estrellas, que a teñen parcialmente dispoñible e estarán en funcionamento ao longo de este ano. Respecto da ampliación da banda ancha, no proxecto Urban II, do Feder, presentouse un plan de extensión da banda ancha, a través do sistema Wimax, para todo o concello.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo explica que cando preguntou pola cobertura da TDT, non se refería ao número de canais, senón ás zonas de sombra que había detectadas cando se comezou con este sistema: Habería que tomar as medidas para evitar esas zonas de sombra na cobertura. Cre lembrar que había un proxecto que xa se encargara para facer un estudo sobre a cobertura, e pensa que ese estudo tería uns resultados a partir dos cales comezar a

traballar. O tema da banda ancha parécelle ben que se poida comezar a facer por iniciativa do concello, pero tamén o goberno do Estado lle encargou a Telefónica a través do Plan de expansión da banda ancha (PEBA), que se chegase á cobertura do 100% do territorio cos diferentes sistemas técnicos que foran necesarios. Di que se sorprendeu cando viu que o estudo do PEBA sobre Cambre dicía que, agás un par de lugares moi pequenos que estarían en funcionamento ao longo do 2008, no resto xa había cobertura o 100%, e sabe que hai empresas e particulares en Cecebre, Brexo, Sta. M^a Vigo, ..., que levan meses ou anos reclamando a este respecto. Sabe que disto non ten culpa o goberno local, pero pensa que é a este a quen lle corresponde reclamar con máis forza ás institucións correspondentes a prestación do servizo.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 4383 o día 18 de abril de 2008.

1^a Veciños do Drozo, Freande e Bellavista, presentaron no concello un prego de firmas solicitando a instalación dun paso de peóns, fronte o bar “Casa Manuel”, para tratar de resolver os problemas de perigo que se ven sometidos diariamente o ter que cruzar a estrada no lugar. O problema segue sen solución, e os responsables tanto do goberno anterior como do actual segue sen dar contestación a petición veciñal.

- Cal foi o motivo de non contestar o escrito?
- Ten pensado o concello darlle unha solución a demanda veciñal?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que supón que o de non contestar ao escrito é porque non tiña autorización da Xunta. Cando se rematen as sendas desa zona farase un estudo de seguridade viaria e mandarase á Xunta para ver se autorizan.

Don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que o feito de non ter autorización da Xunta para pintar o paso de peóns non é razón para non contestar ao escrito. Os veciños teñen dereito a que se lles conteste.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín explica que ela o que viu foi que non estaba autorizado o paso de peóns, pero que non lle constaba se se contestou ou non aos veciños, xa que se trata dun escrito que se presentou ao concelleiro que levaba este tema na anterior coporación, e descoñece se respondeu aos veciños.

Don Luis Miguel Taibo Casás reitera que os responsables teñen a obriga de contestar aos veciños. Neste caso presentáranse unhas 80 firmas, e ademais estase a falar dunha das zonas máis perigosas que existen nesa estrada, dentro do termo municipal.

2ª O desenvolvemento urbanístico e de poboación do noso concello está xerando enormes problemas de mobilidade, pero especialmente na comunicación coa cidade e a súa área de influencia. As infraestruturas existentes son totalmente insuficientes para permitir unha mobilidade e comunicación áxil, fluída e sen obstáculos para os veciños/as de Cambre que diariamente se ven obrigados a realizar desprazamentos.

- En que situación se encontra o proxecto de rotonda e acceso a autoestrada AP-9, no lugar de A Coutelana?

O Sr. alcalde contesta que alí non hai ningún proxecto. O que hai é un estudo o proposta do concello que se mandou no seu día, que era facer unha conexión en fronte onde está o colexio, e agora a través da Consellería de Ordenación do Territorio presentouse un estudo para ver a viabilidade de metela e que vaia saír a estrada que vai de San Pedro a Abegondo, que pasaría por un lateral do Graxal, para desconxestionar a Tapia, pero o que hai ata agora son estudos, proxecto non hai ningún, independentemente de que a obra fundamental sería a que se faría se se aprobase o Plan Xeral, e que se trataría dun tercer carril, para acceder dende Cambre á autoestrada.

Don Luis Miguel Taibo Casás di que entón o que hai é que pelexar porque ese estudo se convirta xa en proxecto, e executalo.

O Sr. alcalde contesta que se está niso, e que tamén se lle pasou unha copia ao Concello de Oleiros porque tamén resultan afectados.

3ª Xa noutra ocasión formulamos ao goberno local, o problema existente en moitos lugares do concello, sobre a dificultade que teñen os veciños/as para poder depositar o lixo nos colectores para tal fin, por atoparse a bastante distancia dos seus domicilios, e non poder acceder os camións do mencionado servizo.

Realizou o concello algunha xestión co Consorcio das Mariñas para dar solución o problema?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que lle comunicaron ao Consorcio todas as demandas veciñais e solicitaron que respecto de todos os lugares nos que estaban colocando novos colectores de carga lateral que invaden as beirarrúas, volvan colocar os antigos colectores. Fai constar que de todas as reclamacións veciñais se dá traslado ao Consorcio.

Don Luis Miguel Taibo Casás explica que este tema concrétese en que en Cambre hai moitos camiños nos que o camión de recollida de lixo non ten acceso, e aínda máis ao ter a recollida lateral. A anterior empresa de recollida de lixo contaba cun camión máis pequeno que permitía a recollida, agora a xente ten que desprazarse 200 ou 300 metros. Hai casos de persoas que non poden desprazarse e acaban tirando co lixo nas gabias. Trátase de pedirlle ao Consorcio das Mariñas que habilite un servizo, como o que había antes, con camiños pequenos ou unha solución similar. Ademais estes veciños están pagando por un servizo que non se lles presta. Ao mellor hai que chegar a pensar en cambiar a ordenanza para que os veciños que teñan o colector a máis de 200 metros non paguen a recollida de lixo.

Continúa dicindo o Sr. Taibo que o que está claro é que o Consorcio non funciona, nin en este nin en moitos outros temas. Todos os días saen na prensa protestas doutros concellos sobre o mesmo, o último foi o de Arteixo e antes o de Bergondo, pero parece que para o Concello de Cambre, de cara á prensa, o Consorcio funciona perfectamente. Di que el está de acordo cos outros concellos en que o Consorcio das Mariñas funciona moi mal, e habería que decilo publicamente, así como manifestalo tamén nos plenos do Consorcio.

Preguntas do GM (PG) presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao n.º 4457 o día 21 de abril de 2008.

1^a Que xestións se realizaron dende o equipo de goberno en relación aos terreos de Santa María de Vigo que os veciños reclaman como públicos?

O Sr. alcalde contesta que se puxo en contacto co rapaz dos Vilas que figura na dirección. No catastro o terreo figura a nome de Crespo Mella, herdeiros, con domicilio en Madrid, e están vendo se hai posibilidade de negociar e ver se se pode chegar a un entendemento con eles. Senón habería que facer as xestións necesarias para ver se realmente é deles, que o acrediten con escrituras ou documentos. Agarda reunirse con eles para tratar do tema, pero o certo é que eles din que o terreo é da súa propiedade.

Don Manuel Marante Gómez sinala que non sabe porque se dirixiu aos Vilas, nin o que teñen que ver nisto, pero lembra que o día 7 deste mes presentou un escrito no Rexistro para interesarse por este tema, xa que no terreo se estaban levando a cabo unha serie de traballos, e concretamente o terreo estaba valado cuns ferros e cintas que son un perigo para calquera persoa que pase pola zona.

O Sr. Marante Gómez dá lectura ao escrito presentado o día 7, no que solicitaba unha resposta urxente, que di que aínda non recibiu. No escrito expón que: “No pleno municipal do pasado 29 de novembro de 2007, tratouse a petición do Partido Galeguista das xestións realizadas polo equipo de goberno para garantir os dereitos dos veciños sobre os terreos no contorno da capela de San Roque na parroquia de Santa M^a de Vigo. Tal e como consta na acta da sesión o alcalde manifestou que están intentando que pasen a ser propiedade municipal, e que están incluso dispostos a financiar unha parte se son privados. Tras ser informado pola Asociación de veciños de Sta. M^a de Vigo de que nestas datas estanse a realizar diversos traballos nestes terreos, e desprazarme á zona para velos, dende o Partido Galeguista queremos que se nos informe de quen está realizando estes traballos e as xestións realizadas polo alcalde en defensa dos intereses dos veciños, esperando a súa resposta por escrito á maior brevidade posible”.

Continúa o Sr. Marante que dende o 29 de novembro, que foi o pleno onde se lle reclamou ao Sr. alcalde sobre este tema, e no que contestou: “O Sr. alcalde contesta que non se iniciou nada. Están intentando que pasen a ser propiedade municipal, pero ata agora ninguén dixo nada. Están incluso dispostos a financiar unha parte se son privados.”, e no que tamén figura na acta que: “Don Francisco Javier Varela Tejedor conclúe dicindo que por agora non hai reclamación ningunha e o feito de que estean no catastro a nome de alguén, tampouco implica que sexa o titular, e se hai dúbidas sobre a titularidade, defenderase”, dende ese pleno ata agora, a única xestión que se fixo dende novembro foi falar cos dos Vilas para que falen co propietario, vaise mal.

O Sr. alcalde di que as cousas tampouco son así. Que a raíz do escrito se enviou ao encargado de obras, fixo un informe, e non sabe se o Sr. Marante xa recibiu ou se estará a punto de recibir a carta. O que el sabe é que o que se fixo foi mellorar un pouco e plantar herba.

Don Manuel Marante Gómez di que en cinco meses houbo tempo a máis. Que hai que facer algo, e que sexa algo máis que palabras.

2ª Para cando está previsto que se comecen as obras do saneamento en Anceis?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que non lle pode dar unha data concreta porque estas obras de saneamento tamén incluían a zona de Piñeiro e San Lourenzo, e estas obras están paralizadas temporalmente porque os técnicos están elaborando un informe sobre posibles deficiencias que pode haber coa empresa contratada.

Don Manuel Marante Gómez manifesta que ten entendido que esa empresa, a finais de ano, mandou unhas cartas aos veciños das zonas afectadas en Altamira e Anceis, para que ingresaran un diñeiro se querían efectuar o enganche. Houbo algúns veciños que puxeron os cartos e esta semana chamáronos da empresa para que foran retiralos porque eles non ían realizar esa obra.

3ª Cando ten previsto o equipo de goberno restablecer o servizo, tan importante para a seguridade dos veciños de Cambre, de 24 horas do GRUMIR?

Don Manuel Marante Gómez sinala que esta pregunta sobre o grupo de intervención rápida entende que xa está máis ou menos contestada antes, pero quería salienta que é un tema moi importante para os veciños de Cambre.

Continúa dicindo que hai algo que falla nos Servizos Sociais municipais, e pon como exemplo o caso dunha señora bastante maior, que só cobra unha pensión, e que sufriu danos na súa vivenda por causa dunha explosión de gas. Consultou á concelleira de Servizos Sociais e enterouse que non se conta con cartos para axudar neste caso nin noutros parecidos que tamén hai. Pensa que debería existir unha partida nos orzamentos para emerxencias deste tipo. Pon como exemplo o caso que sucedeu no Concello de Carral, gobernado polo grupo municipal popular, onde a un veciño que lle ardeu a casa na zona das Travesas, en quince días recibiu a axuda da brigada de obras para repararlle a casa. Di que é triste que en Cambre non se conte con medios para estas emerxencias, nin sequera para poder mercar os materiais para reparar as vivendas das persoas que sufren desgrazas deste tipo, aínda que despois os veciños teñan tamén que botar unha man coa obra. Por todo isto solicita que se inclúa nos orzamentos municipais unha partida para estes imprevistos.

Pide a palabra don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP para, antes de finalizar a sesión, facer referencia a unha pregunta do BNG, que tamén foi un rogo do PP. Parécelle que é moi grave que se fale de que hai risco de perder unha subvención de 270.000 euros e non se dea unha resposta, nin polo Sr. alcalde, nin polo Sr. Varela Tejedor, o Sr. concelleiro

de Facenda ou a Sra. concelleira de Cultura. A isto, dille ao Sr. Salcines, habería que sumar os posibles 500.000 euros dos convenios urbanísticos sobre os que xa lle preguntou noutra ocasión na que tampouco tivo resposta.

Quere finalizar dicindo que, ante a referencia do Sr. Marante ao caso de Carral, que non haxa dúbida de que o Partido Popular está moi preocupado polos asuntos sociais e tamén polos económicos, e agarda que os demais grupos tamén o estean.

Don Manuel Marante Gómez dille que el non pensa o contrario.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Antonio Varela Saavedra

M^a Luisa de la Red Ampudia